

Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2023-2024

- Réxime para as persoas adultas

Instrucións xerais

Instrucións do procedemento vía web para reservar matrícula nas prazas adxudicadas en:

- Modalidade a distancia**
 - Modalidade presencial**
-

Índice

1	Introdución.....	3
2	Autenticación no sistema de usuarios da consellería.....	3
	2.1 Identificación con usuario e contrasinal.....	3
	2.2 Identificación con código de solicitude.....	4
3	Reserva de matrícula en prazas do réxime para as persoas adultas.....	5
	3.1 Prazos para efectuar a reserva vía web.....	5
	3.2 Reserva de prazas.....	5
	3.2.1 Reserva de prazas adxudicadas na modalidade presencial.....	7
	3.2.2 Reserva de prazas adxudicadas na modalidade a distancia.....	9
4	Imprimir un documento coa reserva de matrícula.....	10
5	Prazos para formalizar a matrícula das reservas de praza vía web.....	10
	5.1 Modalidade presencial.....	10
	5.2 Modalidade a distancia.....	11

1 Introducción

Os usuarios identificados no sistema de admisión de formación profesional que fixeran solicitudes para o réxime de persoas adultas, tanto na modalidade presencial como na modalidade a distancia, poderán reservar vía web a matrícula nas prazas adxudicadas.

As persoas que realicen a reserva de matrícula por este procedemento quedarán excluídas do sistema de adxudicación dos outros réximes, modalidades e graos.

Soamente continuarán participando nas adxudicacións dos módulos solicitados nos que estean en espera pertencentes ao centro e ciclo no que fixeran a reserva inicial do réxime de persoas adultas e na mesma modalidade na que fixeran a reserva.

A vantaxe deste procedemento é que non será necesario acudir ao centro no que se ten a praza adxudicada a matricularse en cada adxudicación de módulos. **Será necesario acudir unha vez ao centro**, nos prazos que se indican neste documento e, en todo caso, **antes do día 6 de setembro ás 13:00 horas**, para formalizar a matrícula nos módulos que se tiveran **reservados na modalidade presencial**.

Na **modalidade a distancia** non será necesario acudir ao centro para formalizar a matrícula. **Os módulos que figuren reservados ao remate da 3ª adxudicación (6 de setembro ás 13:00 horas) serán os módulos que finalmente figuren na matrícula**. Será necesario presentar no centro o resguardo do pago do seguro escolar no caso das persoas obrigadas ao seu pagamento. Tamén será necesario achegar calquera outra documentación que o centro demande para realizar comprobacións de datos de identidade ou dos requisitos de acceso.

2 Autenticación no sistema de usuarios da consellería

2.1 Identificación con usuario e contrasinal

É moi probable que ás persoas solicitantes no proceso de admisión que puxeron como dato un correo electrónico válido lles chegue un correo cun texto similar ao seguinte:

ALTA NOVO USUARIO:

Comunicámoslle que, segundo os datos que figuran na base de datos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, se solicitou a creación dunha conta de correo persoal.

Para activar a conta, debe acceder ao seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/XestionContaIn.do?operacion=alta>

Debe realizar a activación cos seguintes datos:

Código de activación: XXXXXX

Dispón de dez días, desde a recepción deste código, para formalizar a activación da conta.

A través das instrucións do correo creouse (ou púidose crear) un nome de usuario para acceder á aplicación "Ciclosadmisión", e permitir diversas xestións como, por exemplo, informarse sobre o seu expediente no proceso.

Todas as operacións sobre a conta de usuario e o contrasinal (como solicitar un novo PIN/código de activación, lembrar o nome da conta, lembrar ou modificar un contrasinal) poden xestionarse en: <https://www.edu.xunta.gal/contausuario>

Para calquera dúbida sobre a autenticación e a conta de usuario cumprirá contactar coa UAC no teléfono 881 997 701 ou enviando un correo a uac@edu.xunta.gal

Se ten un usuario e contrasinal de NERTA tamén o pode empregar para acceder á aplicación Ciclosadmisión.

2.2 Identificación con código de solicitude

Na aplicación poderase acceder directamente á pantalla para solicitar a matrícula en prazas adxudicadas empregando o DNI/DOI e o código da solicitude na que se ten a praza adxudicada.

Primeiro hai que seleccionar na pantalla de inicio da aplicación o modo de autenticación (Reserva de prazas adxudicadas/Anulación da reserva).



CiclosAdmisión

Inicio

Benvindos a Ciclosadmisión

Ciclosadmisión é unha aplicación desenvolvida pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para xestionar:

- **Admisión aos ciclos formativos** de grao medio e de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- **Bolsas retorna:**
 - Para acceder ás bolsas retorna debe premer no menú no apartado 17, "Bolsas retorna" e seleccionar a opción desexada.
 - Pode facer unha nova solicitude, apartado 17.1.
 - Completar un borrador, apartado 17.2 (un borrador é unha solicitude non entregada).
 - Consultar as solicitudes realizadas 17.3.
 - Achegar documentación 17.4.
 - Reenviar código de solicitude 17.5.

Cando se lle solicite o DNI ou DOI (Documento oficial de identidade) deberá poñer sempre as letras en maiúsculas.

Na admisión a ciclos formativos durante o periodo de tempo comprendido entre a finalización dunha adxudicación e a seguinte as persoas inscritas aparecen no historial para o ano en curso como "Información non dispoñible temporalmente".


Admisión FP: [Reserva de prazas adxudicadas/Anulación da reserva](#)

Admisión FP: [Alta de solicitude \(con certificado dixital ou conta 'edu.xunta.es'\)](#)

Admisión FP: [Alta de solicitude sen certificado dixital nin usuario](#)

Admisión FP: [Impresión dunha solicitude feita anteriormente](#)

Despois hai que escribir o número do documento oficial de identidade (DNI, NIE ou pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de admisión e o código da solicitude na que se ten a praza adxudicada.



Localización do código de solicitude.



00036185Z0

CONVOCATORIA: Ordinaria	GRAO: Superior	RÉXIME: Adultos	MODALIDADE: Distancia
PROCEDEMENTO ADMISIÓN A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E DE GRAO SUPERIOR NO RÉXIME PARA AS PERSOAS ADULTAS EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS		CÓDIGO PROCEDEMENTO ED519E	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

3 Reserva de matrícula en prazas do réxime para as persoas adultas

3.1 Prazos para efectuar a reserva vía web

A reserva das prazas adxudicadas realizarase, exclusivamente, nos prazos do correspondente período de matriculación establecido para cada adxudicación:

- 1ª adxudicación: do 19 ás 9.00 ao 24 de xullo ás 13.00 horas.
- 2ª adxudicación: do 27 ás 9.00 ao 31 de xullo ás 13.00 horas.
- 3ª adxudicación: do 1 de setembro ás 9.00 ao 6 de setembro ás 13.00 horas.

3.2 Reserva de prazas


Nas datas de cada adxudicación, as persoas a quen lles sexa adxudicada algunha praza no réxime para as persoas adultas na modalidade presencial ou na modalidade a distancia e que estean autenticadas no sistema, poderán:

- Acudir ao centro no que teñan adxudicada a praza e solicitar a matriculación nos módulos adxudicados dentro do prazo de matriculación da correspondente adxudicación.
- Reservar as prazas adxudicadas vía web na aplicación informática Ciclosadmisión. Na modalidade presencial é condición indispensable acudir posteriormente ao centro educativo a formalizar a matrícula.



Para reservar prazas vía web, deberase ir á seguinte ligazón: www.edu.xunta.gal/ciclosadmission

Despois de identificarse no sistema co seu usuario e contrasinal prema na pestana "2 Solicitantes" do menú da aplicación; verá unha pantalla similar a esta:




No menú "2 Solicitantes" débese elixir "2.3 Reserva/Matricula" e a continuación "2.3.1 Reserva/Matricula WEB". Sairá unha ventá similar á seguinte, na que terá que seleccionar a pestana correspondente a:

- Módulos adxudicados (adultos distancia).
- Módulos adxudicados (adultos presencial).

Daquela, hai que ir a seleccionar o grao e marcar "Medio" ou "Superior":

Reserva prazas adxudicadas



Se accedeu á aplicación empregando o código de solicitude entrará directamente na pantalla de reserva de prazas da adxudicación correspondente. Verá unha pantalla similar á seguinte:

Reservar módulos adxudicados presencial

Réxime ordinario:

As persoas que solicitan matrícula por este réxime quedarán excluídas do sistema de adxudicación dos outros réximes. No caso de adxudicación de praza en réxime ordinario os detalles para a renuncia/solicitude de matrícula poden consultarse [na seguinte liazón](#).

Réxime para persoas adultas:

- As persoas que solicitan reserva de matrícula por este réxime quedarán excluídas do sistema de adxudicación dos outros réximes. Soamente continuarán participando nas adxudicacións dos módulos solicitados que estean en espera do centro e ciclo no que fagan a reserva inicial.
- A vantaxe deste procedemento é que non será necesario acudir a matricularse en cada adxudicación ao centro.
- Pode consultarse os detalles deste procedemento no réxime para persoas adultas [neste documento](#).
- Lembre que anular a reserva dunha adxudicación anterior é irreversible.
- Na modalidade presencial, unha vez finalizada a reserva dos módulos nos que desexa matricularse, será imprescindible formalizar a matrícula no centro antes do día indicado na [seguinte liazón \(consultar apartado 5\)](#).

Atención: para a reserva de prazas na modalidade presencial é imprescindible coñecer o horario de impartición dos módulos.

R1

Listaxe módulos do Alumno: .

. Ano 2021 Fase Activa: 1ª Adxudicación ordinaria (Medio)

Adxudicación Actual									
Fase	Grao	Asistencia	Centro	Convocatoria	Ciclo	Módulo	Horas Modulo	Estado	Opcións
1ª Adxudicación ordinaria	M	P	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Xuño	CMSAN02-Grao Medio en Farmacia e parafarmacia	MP0101-Dispensación de produtos farmacéuticos	213	Adxudicado	Reservar
1ª Adxudicación ordinaria	M	P	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Xuño	CMSAN02-Grao Medio en Farmacia e parafarmacia	MP0104-Formulación maxistral	187	Adxudicado	Reservar
1ª Adxudicación ordinaria	M	P	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Xuño	CMSAN02-Grao Medio en Farmacia e parafarmacia	MP0061-Anatomofisioloxía e patoloxía básicas	107	Adxudicado	Reservar
1ª Adxudicación ordinaria	M	P	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Xuño	CMSAN02-Grao Medio en Farmacia e parafarmacia	MP0100-Oficina de farmacia	157	Adxudicado	Reservar

3.2.1 Reserva de prazas adxudicadas na modalidade presencial

Antes de proceder á reserva de prazas adxudicadas do réxime para as persoas adultas en modalidade presencial deberá ter en conta o seguinte:

- Hai módulos que é preferible cursar e superar antes que outros, pois achegan formación que é necesaria para afrontar con máis facilidade outros módulos. Toda a información sobre itinerarios máis recomendables na ensinanza para as persoas adultas está dispoñible en: <http://www.edu.xunta.gal/fp/itinerarios-adultos>
- Aínda que o máximo de horas de formación que se poden cursar por ano académico é de 1000 horas, non é posible cursar calquera combinación de módulos. Só se poderá efectuar a matrícula daqueles módulos que non coincidan en horario, xa que a asistencia ás clases é obrigatoria. Polo tanto, antes de efectuar a reserva, **é imprescindible consultar os horarios dos módulos do ciclo** (dispoñibles en cada centro ou nas páxinas web do centro) para non reservar e logo matricularse de módulos que se impartan en horarios que se solapan. Teña en conta que **a aplicación para efectuar a reserva non dispón dos horarios de cada centro** e polo tanto non impide reservar calquera combinación de módulos aínda que, no centro adxudicado, se impartan en horarios coincidentes. Na táboa que amosa a aplicación aparece unha columna coa información do bloque horario ao que pertence cada módulo (B1, B2, B3). Os módulos que pertencen ao mesmo bloque horario son compatibles entre si. De todos os xeitos está información pode estar suxeita a variacións por diversas circunstancias.



Para continuar co procedemento de reserva, unha vez seleccionado o grao e a pestana do réxime para as persoas adultas na modalidade presencial, ao premer en "Buscar adxudicación" aparecerán na parte de abaixo da ventá, en "Adxudicación actual", as adxudicacións que se teñan de todos os centros e ciclos solicitados. Na columna "Opcións" estará dispoñible "Reservar praza" e, ao premer nesa opción, estarase indicando que se desexa gardar a matrícula deste módulo, deste centro e deste ciclo. Logo de seleccionarse un, só se poderá seguir reservando módulos do mesmo centro e ciclo. Nese momento, o estado cambia de adxudicado a reservado. A matrícula queda reservada.

Seleccione Grao

Superior

[BUSCAR ADXUDICACIÓN](#) [VOLVER](#)

[Imprimir](#)

Listaxe módulos do Alumno:

Ano 201-

Adxudicación Actual

Fase	Centro	Convocatoria	Ciclo	Módulo	Horas Modulo	Estado	Opcións
Non se atoparon elementos.							

Adxudicacións Anteriores

Anular unha reserva neste apartado suporá perder definitivamente esa reserva

Fase	Centro	Convocatoria	Ciclo	Módulo	Horas Modulo	Estado	Opcións
1ª ordinaria distancia.	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0020-Primeiros auxilios	53	Adxudicado	
1ª ordinaria distancia.	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0021-Formación e orientación laboral	107	Adxudicado	
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0013-O xogo infantil e a súa metodoloxía	187	Reservado	Anular Reserva
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0021-Formación e orientación laboral	107	Reservado	Anular Reserva
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0015-Desenvolvemento cognitivo e motor	213	Adxudicado	
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0020-Primeiros auxilios	53	Adxudicado	

[Inicio](#) [Accesibilidade](#) [Aviso](#) [Privacidade](#) [Contacto](#)

Soamente se poden reservar módulos dun só centro, ciclo e modalidade, e ata un máximo de 1000 horas. Non será posible formalizar a matrícula no centro se a reserva se fixo para módulos con horario solapado de máis dun 10 % das horas. Logo de seleccionado un módulo só se poderá continuar reservando módulos do mesmo centro e ciclo. Nas seguintes adxudicacións soamente lle poderán ser adxudicadas prazas en módulos dese mesmo centro e ciclo.

Dentro do período de cada adxudicación, poderá reservar e anular a reserva dos módulos adxudicados as veces que precise, pero preste atención porque soamente quedará arquivada a derradeira reserva feita dentro dese período.

Despois da primeira adxudicación ordinaria, as reservas de anteriores adxudicacións aparecerán debaixo de "Adxudicacións anteriores". Para permitir reordenar a reserva de matrícula, en función das novas adxudicacións de prazas, **poderase anular a reserva feita en anteriores adxudicacións, pero é moi importante ter en conta que esta anulación de reserva non ten volta atrás e, polo tanto, perderase a posibilidade de matricularse nese módulo.**

En todo caso e para evitar equivocacións, aparecerá unha caixa de diálogo cun texto de confirmación cando intente anular unha reserva de adxudicacións anteriores. Acepte só se está seguro de anular esa reserva, xa que **esta acción é irreversible.**

3.2.2 Reserva de prazas adxudicadas na modalidade a distancia

Antes de proceder á reserva de prazas adxudicadas do réxime para as persoas adultas en modalidade a distancia deberá ter en conta o seguinte:

- Hai módulos que é preferible cursar e superar antes que outros, pois achegan formación que é necesaria para afrontar con máis facilidade outros módulos. Toda a información sobre itinerarios máis recomendables na ensinanza para as persoas adultas está dispoñible en: <http://www.edu.xunta.gal/fp/itinerarios-adultos>
- Aínda que o máximo de horas de formación que se poden cursar por ano académico é de 1000 horas, hai que ter en conta que **por cada hora de formación a distancia na que se matricule será preciso dispor de polo menos tres horas de tempo de dedicación**. Deste xeito, de matricularse en 300 horas de formación debe pensar que para as superar precisará polo menos 900 horas de dedicación. Isto é debido a que a formación a distancia precisa máis horas de traballo individual que a ensinanza presencial para obter resultados similares.

Para continuar co procedemento de reserva, logo de seleccionar o grao e a pestana do réxime para as persoas adultas na modalidade a distancia, ao premer en "Buscar adxudicación" aparecerán na parte de abaixo da ventá, en "Adxudicación actual" as adxudicacións que se teñan de todos os centros e ciclos solicitados. Na columna "Opcións" estará dispoñible "Reservar praza" e, ao premer nesa opción, estarase indicando que se desexa gardar a matrícula deste módulo, deste centro e deste ciclo. Logo de seleccionarse un, só se poderá seguir reservando módulos do mesmo centro e ciclo. Nese momento, o estado cambia de adxudicado a reservado. A matrícula queda reservada.

Seleccione Grao

Superior

BUSCAR ADXUDICACIÓN **VOLVER**

[Imprimir](#)

Listaxe módulos do Alumno: Ano 201-

Adxudicación Actual

Fase	Centro	Convocatoria	Ciclo	Módulo	Horas Modulo	Estado	Opcións
Non se atoparon elementos.							

Adxudicacións Anteriores Anular unha reserva neste apartado suporá perder definitivamente esa reserva

Fase	Centro	Convocatoria	Ciclo	Módulo	Horas Modulo	Estado	Opcións
1ª ordinaria distancia.	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0020-Primeiros auxilios	53	Adxudicado	
1ª ordinaria distancia.	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0021-Formación e orientación laboral	107	Adxudicado	
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0013-O xogo infantil e a súa metodoloxía	187	Reservado	Anular Reserva
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0021-Formación e orientación laboral	107	Reservado	Anular Reserva
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0015-Desenvolvemento cognitivo e motor	213	Adxudicado	
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0020-Primeiros auxilios	53	Adxudicado	


[Inicio](#) [Accesibilidade](#) [Aviso](#) [Privacidade](#) [Contacto](#)

Soamente se poden reservar módulos dun só centro, ciclo e modalidade, ata un máximo de 1000 horas. Logo de seleccionado un módulo só se poderá continuar reservando módulos do mesmo centro e ciclo. Nas seguintes adxudicacións soamente lle poderán ser adxudicadas prazas en módulos dese mesmo centro e ciclo.

Dentro do período de cada adxudicación, poderá reservar e anular a reserva dos módulos adxudicados as veces que precise, pero preste atención porque soamente quedará arquivada a derradeira reserva feita dentro dese período.

Despois da primeira adxudicación, as reservas de anteriores adxudicacións aparecerán debaixo de "Adxudicacións anteriores". Para permitir reordenar a reserva de matrícula, en función das novas adxudicacións de prazas, **poderase anular a reserva feita e anteriores adxudicacións, pero é moi importante ter en conta que esta anulación de reserva non ten volta a atrás e, polo tanto perderase a posibilidade de matricularse nese módulo.**

En todo caso e para evitar equivocacións, aparecerá unha caixa de diálogo cun texto de confirmación cando intente anular unha reserva de adxudicacións anteriores. Acepte só se está seguro de anular esa reserva, xa que **esta acción é irreversible.**



Seleccione Grao
 Superior
 BUSCAR ADXUDICACIÓN VOLVER

Confirma que desexa anular a reserva dunha adxudicación anterior?
 De facelo perderá definitivamente esta reserva.

Cancelar Aceptar

Imprimir

Listaxe módulos do Alumno: [Redacted] Ano 201-

Adxudicación Actual

Fase	Centro	Convocatoria	Ciclo	Módulo	Horas Modulo	Estado	Opcións
Non se atoparon elementos.							

Adxudicacións Anteriores
 Anular unha reserva neste apartado suporá perder definitivamente esa reserva

Fase	Centro	Convocatoria	Ciclo	Módulo	Horas Modulo	Estado	Opcións
1ª ordinaria distancia.	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0020-Primeiros auxilios	53	Adxudicado	
1ª ordinaria distancia.	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0021-Formación e orientación laboral	107	Adxudicado	
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0013-O xogo infantil e a súa metodoloxía	187	Reservado	Anular Reserva
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0021-Formación e orientación laboral	107	Reservado	Anular Reserva
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0015-Desenvolvemento cognitivo e motor	213	Adxudicado	
1ª ordinaria distancia.	CIFP Portovello	Xuño	CSSSC01-Grao Superior en Educación infantil	MP0020-Primeiros auxilios	53	Adxudicado	

Inicio Accesibilidade Aviso Privacidade Contacto

4 Imprimir un documento coa reserva de matrícula

Na parte superior esquerda da pantalla, en calquera das dúas modalidades, verá o botón "Imprimir" (en texto azul subliñado) que permite xerar un documento en formato pdf que poderá **imprimir e archivar.**

Na modalidade presencial terá que acudir con este documento, dentro dos prazos establecidos, ao centro no que teña feita a reserva no momento en que desexe formalizar a matrícula.

5 Prazos para formalizar a matrícula das reservas de praza vía web

5.1 Modalidade presencial

Na **modalidade presencial**, unha vez reservados os módulos adxudicados nos que se quere facer matrícula, **será imprescindible formalizar a matrícula no centro** no que foi adxudicada a praza e para o que se fixo a reserva, desde nalgún dos seguintes períodos:

- Do 19 de xullo ás 9.00 ao 24 de xullo ás 13.00 horas.
- Do 27 de xullo ás 9.00 ao 31 de xullo ás 13.00 horas.

- Do 1 de setembro ás 9.00 ao 6 de setembro ás 13.00 horas.

Na modalidade presencial, de non formalizar a matrícula reservada no prazo establecido (en todo caso antes das 13.00 horas do 6 de setembro) a reserva quedará anulada e os módulos poderán ser adxudicados ás persoas da listaxe de espera.

Para formalizar a matrícula será imprescindible a verificación da identidade da persoa solicitante e, no caso de facerse a través de autorización expresa, a persoa autorizada deberá identificarse e xuntar unha copia do DNI/DOI da persoa solicitante.

5.2 Modalidade a distancia

Na **modalidade a distancia** non será necesario acudir ao centro para formalizar a matrícula. **Os módulos que figuren reservados ao remate da 3ª adxudicación (do 2 ao 6 de setembro ás 13.00 horas) serán os módulos que finalmente figuren na matrícula.** Polo tanto non é necesario realizar a matrícula dos módulos reservados ao remate da 3ª adxudicación. É moi importante que durante esta adxudicación o alumnado comprobe que ten reservados só os módulos que realmente desexa cursar.

Será necesario achegar ao centro (do xeito que o centro determine) o resgardo do pago do seguro escolar, no caso das persoas obrigadas ao seu pagamento. Tamén será necesario achegar calquera outra documentación que o centro demande para realizar comprobacións de datos de identidade ou dos requisitos de acceso.

Para formalizar a matrícula será imprescindible a verificación da identidade da persoa solicitante e, no caso de facerse a través de autorización expresa, a persoa autorizada deberá identificarse e xuntar unha copia do DNI/DOI da persoa solicitante.